

Intervención do Presidente da Xunta

# **MEDALLA DE GALICIA FUNDACIÓN PENZOL**



Santiago, 19 de novembro de 2013

Autoridades;

Amigas e amigos:

Amais da memoria das vítimas, ás que sempre recordaremos, a lección máis marabillosa que nos deixou o accidente de Angrois é a capacidade de Galicia para responder ás dificultades. **Detrás da reacción do noso país, está o sentimento que compartiron milleiros de galegos que actuaron como unha gran familia, sempre ao carón dos parentes que padeceron aquel desgraciado infortunio.**

Como teño dito nalgunha ocasión, á nosa terra dálle sentido a historia, o lugar xeográfico, a lingua propia ou a cultura que compartimos... pero tamén ese sentir común que nos fai aos galegos sufrir, loitar, soñar xuntos. **Angrois foi un pau que manca, ocasionou feridas que tardarán en cicatrizar, pero tamén foi o exemplo contemporáneo de que sempre hai galegos a disposición doutros galegos que o precisen.**

Aquela resposta ofrecida polos cidadáns, feita co mesmo agarimo co que un avó coida dun neto, é o fundamento dunha Galicia que se concibe como casa común de todos os galegos. **A insolidariedade teríanos conducido á frustración, mentres que as ideas solidarias que rexeron aqueles momentos tan difíciles puxeron algo de alento en medio da gran desazón, consolo na inmensa dor, confianza en nós mesmos fronte ao lóxico sentimento de desasosego.**

Cando no 1963 foi creada a Fundación Penzol non corrían bos tempos para a nosa identidade. Tampouco era fácil daquela atopar luz naquela Negra Sombra. Unha concepción pechada e autoritaria dunha España sempre rica en matices, facía da nosa cultura algo sospeitoso.

Os galegos eran depositarios dun tesouro que se quería manter silenciado. Faltaba, por iso, quen o recollera, lle dera voz e o enriquecera. Fíxérono Francisco Fernández del Riego ou Ramón Piñeiro, entre outros, nun primeiro momento; e o seu testemuño foi recollido sempre por outros galeguistas ata chegar ao seu Padroado actual, con Alfonso Zulueta de Haz á cabeza.

**A Fundación Penzol fíxose amorosa gardiá da memoria, facendo dela non algo estático e ornamental, senón vivo.** Grazas ao seu labor, Galicia recupera a liberdade tendo referencias, sabendo o que é e o que foi.

Velaí unha das razóns que explica os seus resultados brillantes ao longo das últimas décadas. Ao mimo e dedicación co que teñen cultivado distintas facetas da nosa cultura, únese o seu entusiasmo por ver nela unha realidade plena de vitalidade, en lugar de algo artificial e sen vida.

O traballo da Fundación Penzol demostra que Galicia é unha identidade en movemento. Non pertence a ningunha teoría concreta e atravesa distintos momentos ao longo da historia. Pon de manifesto que a cultura galega está predisposta a unha visión polifacética da vida, e que **alí onde ten calado realmente o espírito galeguista é onde os exclusivismos non puideron botar raíces.**

Non me refiro unicamente á busca de relación entre a nosa cultura e outras culturas do mundo. Refírome, sobre todo, a ese labor que dura xa 50 anos, a través do cal o estudo da lingua e da literatura galegas se fai como unha tarefa común, como tantas veces pediron os galeguistas.

Por iso, Galicia dille hoxe a todos os que fixeron e fan a Fundación Penzol que cada libro, cada estudo, contribúe a enriquecer un pouco máis o sentimento galeguista. Cada nova achega súa fainos ver unha galeguidade inesgotable que abarca todos os campos e todas as épocas.

**Premiamos pois a unha Fundación que dende hai medio século soubo manter o espírito colectivo. É certo que ese espírito xa existía nos galegos, pero velaí o seu traballo para recuperalo e convertelo na memoria e no futuro de Galicia.**

A Fundación Penzol é unha proba de que o noso país ten forza dabondo para erguer realidades que desafían ao tempo e a calquera dificultades. Necesitamos máis que nunca que esa forza se manteña viva.

Parabéns e moitas grazas.